


ESTATUTOS ASOCIACIÓN PEÑA AR-VI DE ÁRBITROS DE FÚTBOL DE VIGO



CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1: Denominación e natureza

Coa denominación de “PEÑA AR-VI DE ÁRBITROS DE FÚTBOL DE VIGO”, constitúese unha asociación de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e demais normativa aplicable.

Artigo 2: Personalidade e capacidade

A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3: Domicilio social

A Asociación establece o seu domicilio social na Rúa Manuel de Castro, 40, Entreplanta, 36210 Vigo (Pontevedra), na sede da Delegación de Árbitros de Fútbol de Vigo.

O cambio de domicilio social requirirá a modificación dos presentes Estatutos, de acordo co procedemento establecido para tal efecto.

A Asociación dispón como canles oficiais de comunicación do enderezo electrónico arviasociacion@gmail.com e da páxina web <https://asociacionarvi.com/>

Artigo 4: Ámbito de actuación

O ámbito territorial no que a asociación vai a desenvolver principalmente as súas actividades é no autonómico.

Artigo 5: Duración

A asociación constitúese por tempo indefinido e rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6: Fins

A asociación ten como fin o fomento das actividades deportivas, culturais e recreativas entre os pertencentes á mesma.

Para levar a cabo estes fins realizaranse as seguintes actividades: reunións, charlas, excursións, competicións e todas aquelas actividades que programe a Xunta Directiva e, así mesmo, poderase participar en competicións e actividades que organice outras entidades de índole similar.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.



CAPÍTULO II

DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 7: Requisitos para adquirir a condición de persoa asociada

Poderán pertencer á Asociación aquelas persoas físicas ou xurídicas que manteñan unha vinculación coa organización arbitral en calquera das súas facetas, así como aquelas que, tendo pertencido a ela durante un período non inferior a dúas tempadas, causasen baixa por cumprimento da idade regulamentaria ou por vontade propia.

Poderán adquirir a condición de persoa asociada as persoas físicas maiores de idade, os menores emancipados e os menores non emancipados maiores de catorce (14) anos, neste último caso coa autorización documental das persoas que exerzan a patria potestade ou tutela.

As persoas xurídicas deberán contar co acordo expreso do seu órgano competente.

Os procedementos e condicións prácticas de admisión serán determinados no Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 8: Clases de persoas asociadas

A Asociación contará coas seguintes clases de persoas asociadas:

(a) Socios/as de número: son aquelas persoas físicas que ingresen na Asociación cumprindo os requisitos establecidos nestes Estatutos. Inclúense nesta categoría os membros fundadores da Asociación, que manterán tal condición a efectos honoríficos e de recoñecemento histórico.

(b) Socios/as colaboradores/as: son aquelas persoas xurídicas, entidades ou persoas físicas que colaboren economicamente coa Asociación mediante a cota establecida, sen necesidade de manter vinculación coa organización arbitral. Terán voz pero non voto nas Asembleas.

(c) Socios/as de honra: son aquelas persoas físicas ou xurídicas que, polos seus méritos persoais ou profesionais ou pola súa contribución relevante á Asociación, sexan nomeadas pola Asemblea Xeral. Terán voz pero non voto.

Artigo 9: Perda da condición de persoa asociada

(1) A condición de persoa asociada perderase polos seguintes motivos:

(a) Baixa voluntaria:

Mediante solicitude presentada exclusivamente por correo electrónico ao enderezo oficial da Asociación.

A baixa será efectiva o primeiro día do mes natural seguinte á data da solicitude. O mes no que se presenta a solicitude deberá aboarse integramente e non exime do pagamento de cotas pendentes.

(b) Impago de cotas:

A devolución dun recibo implicará a suspensión temporal de dereitos ata a súa regularización. A devolución dun segundo recibo comportará a apertura dun procedemento de baixa, notificándose á persoa interesada e concedéndose un prazo de sete días naturais para regularizar a situación. De non producirse o pagamento nese prazo, a Xunta Directiva acordará a perda definitiva da condición de persoa asociada, causando baixa na Asociación de forma automática e sen necesidade de ratificación pola Asemblea Xeral.

(c) Incumprimento grave dos Estatutos, do Regulamento de Réxime Interno ou dos acordos válidos dos órganos de goberno:

Neste caso iniciárase un procedemento disciplinario, garantindo en todo caso a audiencia previa da persoa interesada, e o acordo de expulsión deberá ser adoptado pola Xunta Directiva e ratificado pola Asemblea Xeral, ordinaria ou extraordinaria.

(d) Falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

(2) Contra os acordos de expulsión disciplinaria poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición ordinaria.

(3) A perda da condición de persoa asociada comporta a perda de todos os dereitos na Asociación e a eliminación do seu rexistro.

Artigo 10: Dereitos das persoas asociadas

(1) Socios/as de número

Os socios e socias de número gozarán dos seguintes dereitos:

(a) Participar nas actividades deportivas, sociais, culturais e formativas organizadas pola Asociación, sempre que se atopen ao día nas obrigas económicas.

(b) Intervir con voz e voto nas Asembleas Xerais, así como tomar parte nos procesos electorais como electores/as e elixibles para os cargos da Xunta Directiva.

(c) Recibir información veraz e actualizada sobre a composición e funcionamento da Xunta Directiva, o estado de contas e o desenvolvemento das actividades sociais.

(d) Acceder á documentación oficial da Asociación (actas das Asembleas Xerais, balances, inventario de bens e rexistro de socios/as), nos termos previstos pola lei, a través da Secretaría e nos termos previstos pola normativa vixente.

(e) Recibir as convocatorias das Asembleas Xerais cun prazo mínimo de quince días naturais, a través dos medios oficiais de comunicación da Asociación.

(f) Delegar o seu voto segundo o procedemento establecido no Regulamento de Réxime Interno.

(g) Formular consultas, suxestións e propostas á Xunta Directiva, e solicitar a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria cando reúnan, polo menos, o vinte por cento dos socios/as con dereito a voto.

(h) Ser oídos/as antes da adopción de medidas disciplinares, coñecer os feitos e recibir resolución motivada.

(i) Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que consideren contrarios á lei ou aos Estatutos.

(j) Ser tratados/as con respecto, igualdade e dignidade, e ver protexidos os seus dereitos fundamentais e a imaxe colectiva da Asociación.

(2) Socios/as colaboradores/as e de honra:

Terán dereito a participar nas actividades e a intervir nas Asembleas con voz, mais sen voto, e non poderán ser electores nin elixibles.

(3) Socios/as non ao día nas cotas

As persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas terán suspendidos temporalmente os dereitos de participación en actividades, voz e voto e elixibilidade, ata regularizar a súa situación.

A suspensión non afecta aos dereitos informativos nin aos dereitos básicos recoñecidos pola lei.



Artigo 11: Obrigas das persoas asociadas

(1) Obrigas xerais de todos os socios/as

Son obrigas de todas as persoas asociadas, con independencia da súa categoría:

- (a)** Cumprir os presentes Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos válidos adoptados pola Asemblea Xeral e pola Xunta Directiva.
- (b)** Manter unha conduta respectuosa e acorde cos valores da Asociación en todas as actividades internas e externas, incluíndo eventos deportivos, actos sociais, comunicacións en redes sociais e nos grupos oficiais da Asociación.
- (c)** Coidar, custodiar e facer un uso axeitado dos bens, materiais e recursos da Asociación, devolvéndoo nos prazos e condicións establecidos.
- (d)** Contribuír ao bo funcionamento, convivencia e respecto mutuo dentro da Asociación.
- (e)** Facilitar á Xunta Directiva os datos e información necesarios para manter actualizado o rexistro de socios/as e para a correcta xestión administrativa.
- (f)** Aceptar e aboar as sancións económicas que, de acordo co Regulamento de Réxime Interno, lles correspondan como consecuencia da súa participación en actividades ou competicións organizadas pola Asociación.
- (g)** Absterse de realizar manifestacións públicas, comentarios ou actuacións incluídas redes sociais que poidan prexudicar gravemente a imaxe da Asociación ou dos seus membros.

(2) Obrigas específicas dos socios/as de número

Ademais das anteriores, os socios/as de número deberán:

- (a)** Estar ao día no pagamento das cotas sociais e das achegas económicas establecidas para actividades cando corresponda.
- (b)** Asistir ás Asembleas Xerais e participar activamente na vida social da Asociación.
- (c)** Desempeñar con responsabilidade as funcións que lles sexan encomendadas en caso de formar parte da Xunta Directiva ou doutros órganos ou comisións internas.

(3) Obrigas dos socios/as colaboradores/as

Os socios colaboradores:

- (a)** Deberán satisfacer a cota anual de colaboración establecida pola Asociación.
- (b)** Deberán actuar con respecto cara á Asociación e aos seus membros, mantendo unha relación acorde cos fins sociais da entidade.
- (c)** Non estarán obrigados a asistir ás Asembleas Xerais nin a participar activamente nas actividades da Asociación, sen prexuízo do seu dereito a facelo cando o desexen.

(4) Obrigas dos socios/as de honra

Os socios/as de honra deberán manter unha conduta exemplar e acorde cos valores da Asociación, contribuíndo positivamente á súa imaxe e representación institucional.



CAPÍTULO II

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12: Organización da asociación

A Asociación estrutúrase en órganos de goberno e representación, de conformidade cos principios democráticos e co establecido na lexislación vixente.

Son órganos da Asociación:

(a) A Asemblea Xeral, como órgano supremo de goberno.

(b) A Xunta Directiva, como órgano de representación e xestión.

Ambos órganos exercerán as súas funcións de acordo co establecido nos presentes Estatutos e na normativa que resulte de aplicación.

Artigo 13: Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todas as persoas asociadas.

Correspóndelle á Asemblea Xeral establecer as liñas xerais de actuación da Asociación, adoptando os acordos necesarios para o cumprimento dos seus fins, de conformidade cos presentes Estatutos e coa lexislación vixente.

Os acordos adoptados pola Asemblea Xeral obrigarán a todas as persoas asociadas, incluídas as ausentes ou discrepantes, sen prexuízo dos dereitos de impugnación que legalmente correspondan.

Artigo 14: Reunións: clases e convocatoria

(1) As reunións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

(i) A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse, como mínimo, unha vez ao ano, dentro do mes seguinte ao peche do exercicio económico, coa finalidade de aprobar a xestión da Xunta Directiva, as contas anuais e, se é o caso, o orzamento do exercicio seguinte.

(ii) As Asembleas Xerais extraordinarias celebraranse cando así o acorde a Xunta Directiva, por iniciativa da Presidencia, ou cando o solicite por escrito un número de socios/as non inferior ao vinte por cento (20%) do total con dereito a voto.

(2) As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse cunha antelación mínima de quince (15) días naturais, mediante os canais oficiais da Asociación, que incluirán, cando menos:

- correo electrónico
- grupo oficial de comunicación da Asociación

Na convocatoria deberá constar, en todo caso, o lugar, data e hora da reunión, así como a orde do día.

Poderá indicarse igualmente a data e hora da segunda convocatoria, que terá lugar, como mínimo, quince (15) minutos despois da primeira.

(3) A documentación relativa aos asuntos incluídos na orde do día deberá estar a disposición das persoas asociadas cunha antelación mínima de quince (15) días naturais á celebración da Asemblea Xeral.



Artigo 15: Constitución e quórum de convocatoria

(1) As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran, presentes ou representadas, polo menos un terzo (1/3) das persoas asociadas con dereito a voto.

En segunda convocatoria, a Asemblea quedará validamente constituída calquera que sexa o número de persoas asociadas presentes ou representadas con dereito a voto.

(2) Para a válida constitución da Asemblea Xeral será necesaria, en todo caso, a presenza da persoa que ostente a Presidencia e da que exerza a Secretaría, ou das persoas que legalmente as substitúan.

(3) As delegacións de voto serán válidas sempre que se formalicen conforme ao procedemento establecido no Regulamento de Réxime Interno, e serán computadas tanto para os efectos de quórum como de votación.

Artigo 16: Facultades da Asemblea Xeral ordinaria

Son competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- (a) Examinar e aprobar, se procede, as contas anuais e o balance do exercicio anterior.
- (b) Aprobar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o plan de actividades da Asociación.
- (c) Fixar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas ordinarias e extraordinarias das persoas asociadas.
- (d) Elixir a persoa que ostente a Presidencia da Asociación.
- (e) Aprobar o Regulamento de Réxime Interno da Asociación, así como as súas modificacións.
- (f) Aprobar a incorporación ou separación da Asociación en federacións ou entidades de similar natureza.
- (g) Solicitar, se procede, a declaración de utilidade pública da Asociación.
- (h) Calquera outra competencia que non estea atribuída expresamente a outro órgano da Asociación.

Artigo 17: Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria

Son competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

- (a) A modificación dos presentes Estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
- (b) Acordar a disolución da Asociación e designar as persoas liquidadoras.
- (c) Acordar a federación con outras asociacións, así como a integración ou separación das mesmas, cando concorran circunstancias de urxencia que non permitan agardar á súa aprobación en Asemblea Xeral ordinaria.
- (d) A disposición ou alleamento de bens da Asociación.
- (e) Calquera outro asunto que, pola súa relevancia ou urxencia, non poida agardar á súa aprobación en Asemblea Xeral ordinaria.
- (f) As demais competencias que lle sexan atribuídas pola normativa vixente ou polos presentes Estatutos.

Artigo 18: Adopción de acordos

(1) Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas asociadas presentes ou representadas con dereito a voto, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco, as abstencións nin os votos nulos.

(2) Será necesaria maioría absoluta dos votos validamente emitidos polas persoas asociadas presentes ou representadas con dereito a voto para a adopción dos seguintes acordos:

- (a) Elección da persoa que ostente a Presidencia da Asociación.
- (b) Modificación dos Estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
- (c) Disolución da Asociación.
- (d) Disposición ou alleamento de bens.
- (e) Constitución, integración ou separación de federacións ou entidades de similar natureza.
- (f) Calquera outro acordo que así se estableza nos presentes Estatutos ou na normativa aplicable.

A estes efectos, entenderase por votos validamente emitidos aqueles que sexan favorables ou contrarios, excluíndose os votos en branco, as abstencións e os votos nulos.

(3) Os acordos adoptados conforme ao establecido nos presentes Estatutos obrigarán a todas as persoas asociadas, incluídas as ausentes ou discrepantes, sen prexuízo dos dereitos de impugnación que legalmente correspondan.

Artigo 19: A Xunta Directiva: Composición

(1) A Xunta Directiva é o órgano de representación e xestión da Asociación, encargada de executar os acordos da Asemblea Xeral e de dirixir a actividade ordinaria da mesma.

(2) A Xunta Directiva estará composta por persoas maiores de idade con plena capacidade de obrar, que deberán atoparse ao corrente das súas obrigas como persoas asociadas, e estará formada, como mínimo, polos seguintes cargos:

- Presidencia
- Vicepresidencia
- Secretaría
- Tesourería
- Un mínimo de dous vogais

O número total de membros da Xunta Directiva non poderá superar o dez por cento (10%) do total de persoas asociadas, agás que este límite resulte inferior ao número mínimo de membros establecidos, caso no que se respectará este mínimo.

(3) A persoa que ostente a Presidencia será elixida pola Asemblea Xeral, de acordo co procedemento establecido nos presentes Estatutos, que será desenvolvido no Regulamento de Réxime Interno.

(4) A persoa elixida como Presidencia designará libremente ao resto dos membros da Xunta Directiva, que deberán cumprir os requisitos establecidos na normativa vixente e nos presentes Estatutos, quedando esta validamente constituída coa aceptación dos cargos por parte das persoas designadas.

A designación dos membros da Xunta Directiva deberá formalizarse documentalmente, facendo constar a data da súa designación, e será comunicada ás persoas asociadas polos medios oficiais da Asociación no menor prazo posible.

(5) O mandato da Xunta Directiva estará vinculado ao da Presidencia e terá unha duración de dous (2) anos, podendo os seus membros ser designados novamente para mandatos sucesivos.

(6) Os cargos da Xunta Directiva serán desempeñados con carácter gratuíto, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas no exercicio das súas funcións.

(7) Os membros da Xunta Directiva cesarán nas súas funcións por algunha das seguintes causas:

- (a) Falecemento ou declaración de falecemento.
- (b) Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade legal.
- (c) Resolución xudicial firme.
- (d) Renuncia voluntaria.
- (e) Perda da condición de persoa asociada.
- (f) Incumprimento das obrigas inherentes ao cargo.
- (g) Transcurso do período do mandato da Presidencia.

O cesamento da Xunta Directiva producirase automaticamente co transcurso do mandato da Presidencia.

No caso de vacante na Presidencia por dimisión, falecemento ou imposibilidade sobrevida, as súas funcións serán asumidas pola Vicepresidencia con carácter provisional, mantendo a Xunta Directiva as súas funcións ata a elección dunha nova persoa titular pola Asemblea Xeral.

En todo caso, a Xunta Directiva continuará en funcións ata a elección e toma de posesión da nova Xunta Directiva, sempre que as persoas que a integran non presenten a súa renuncia expresa.

(8) No caso de dimisión ou cesamento simultáneo da totalidade dos membros da Xunta Directiva, calquera das persoas asociadas poderá instar a convocatoria dunha Asemblea Xeral extraordinaria co fin de proceder á elección dunha nova persoa que ostente a Presidencia da Asociación, quen designará posteriormente o resto dos membros da Xunta Directiva de acordo co establecido nos presentes Estatutos.

(9) No caso de producirse vacantes na Xunta Directiva, estas serán cubertas mediante designación da Presidencia, exercendo as persoas designadas o cargo polo tempo restante do mandato.

(10) A Xunta Directiva poderá nomear colaboradores/as para o apoio en tarefas organizativas ou actividades concretas da Asociación.

Artigo 20: Reunións e acordos

(1) A Xunta Directiva será convocada pola persoa que ostente a Presidencia, por iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus membros.

(2) A Xunta Directiva quedará validamente constituída cando concorran, presencialmente ou mediante medios electrónicos, a metade máis un dos seus membros.

(3) Os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes, dirimindo os empates o voto de calidade da Presidencia.

(4) A Xunta Directiva poderá reunirse e adoptar acordos tanto de forma presencial como a distancia, sempre que se garantan os medios necesarios para a identificación das persoas participantes, a continuidade da comunicación e a emisión do voto.



Artigo 21: Facultades da Xunta Directiva

Corresponden á Xunta Directiva as seguintes facultades:

- (a) Programar, organizar e dirixir as actividades da Asociación.
- (b) Executar os acordos adoptados pola Asemblea Xeral.
- (c) Levar a xestión administrativa e económica da Asociación.
- (d) Elaborar e someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual, así como as contas do exercicio anterior.
- (e) Convocar as Asembleas Xerais e fixar a orde do día.
- (f) Propoñer á Asemblea Xeral a fixación das cotas ordinarias e extraordinarias das persoas asociadas.
- (g) Resolver as solicitudes de admisión de novos socios/as.
- (h) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan conforme ao establecido nos presentes Estatutos e no Regulamento de Réxime Interno.
- (i) Nomear comisións de traballo ou delegar funcións para o mellor desenvolvemento das actividades da Asociación.
- (j) Elaborar, se procede, o Regulamento de Réxime Interno e propoñer as súas modificacións para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.
- (k) Adoptar as medidas necesarias para o cumprimento dos fins da Asociación.
- (l) Calquera outra facultade que non estea atribuída expresamente a outro órgano da Asociación.

Artigo 22: Obrigas documentais

A Asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición das persoas asociadas nos termos establecidos na normativa vixente:

- (a) Unha relación actualizada de persoas asociadas.
- (b) A documentación contable que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da Asociación, así como das actividades realizadas.
- (c) Un inventario actualizado dos bens da Asociación.
- (d) Un libro de actas das reunións dos órganos de goberno e representación.

Artigo 23: Presidencia

A persoa que ostente a Presidencia terá as seguintes atribucións:

- (a) Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos e privados.
- (b) Convocar, presidir e levantar as sesións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, dirixindo as deliberacións de ambas.
- (c) Executar e facer cumprir os acordos adoptados pola Asemblea Xeral e pola Xunta Directiva.
- (d) Dirimir os empates mediante voto de calidade.
- (e) Ordenar os pagamentos e autorizar gastos, de acordo co establecido pola Xunta Directiva.
- (f) Asinar, xunto coa Secretaría ou co membro da Xunta Directiva correspondente, as actas, certificacións e demais documentos oficiais da Asociación.
- (g) Adoptar as medidas urxentes que resulten necesarias para o bo funcionamento da Asociación, dando conta posteriormente á Xunta Directiva.



Artigo 24: Vicepresidencia

A persoa que ostente a Vicepresidencia substituirá á persoa que exerza a Presidencia nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante (dimisión), asumindo as súas funcións.

Así mesmo, poderá exercer aquelas funcións que lle sexan delegadas pola Presidencia ou pola Xunta Directiva.

Artigo 25: Secretaría

(1) A persoa que ostente a Secretaría terá as seguintes atribucións:

- (a) Tramitar as solicitudes de ingreso na Asociación e formalizar as altas e baixas das persoas asociadas.
- (b) Redactar e custodiar as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- (c) Expedir certificacións dos acordos adoptados, co visto e praxe da Presidencia.
- (d) Custodiar a documentación, arquivos e libros oficiais da Asociación.
- (e) Formalizar as convocatorias das reunións por orde da Presidencia.
- (f) Levar o rexistro actualizado das persoas asociadas.
- (g) Cumprir coas obrigas documentais da Asociación nos termos legalmente establecidos.

(2) En caso de ausencia, enfermidade ou vacante, a persoa que ostente a Secretaría será substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola Presidencia.

Artigo 26: Tesourería

A persoa que ostente a Tesourería terá as seguintes atribucións:

- (a) Recadar, custodiar e xestionar os fondos da Asociación, de acordo coas decisións adoptadas pola Xunta Directiva e pola Asemblea Xeral.
- (b) Realizar os cobros e pagamentos da Asociación, coa supervisión da Presidencia.
- (c) Levar a contabilidade da Asociación, garantindo unha imaxe fiel da súa situación económica e financeira.
- (d) Elaborar o anteproxecto de orzamento anual para a súa presentación á Xunta Directiva e posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- (e) Elaborar as contas anuais do exercicio para a súa presentación á Xunta Directiva e aprobación pola Asemblea Xeral.
- (f) Custodiar a documentación económica e contable da Asociación.
- (g) Cumprir coas demais obrigas propias do cargo, de conformidade coa normativa aplicable.

Artigo 27: Vogais

As persoas que ostenten a condición de vogais terán as obrigas propias do seu cargo, así como aquelas funcións que lles sexan encomendadas pola Presidencia ou pola Xunta Directiva.

Poderán colaborar na organización e desenvolvemento das actividades da Asociación, así como participar nas tarefas que se lles asignen en función das necesidades da mesma.



CAPÍTULO IV

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28: Patrimonio inicial

A Asociación carece de patrimonio inicial no momento da súa constitución.

O exercicio económico será anual e pecharase o día 31 de agosto de cada ano.

Artigo 29: Recursos económicos

A Asociación contará cos seguintes recursos económicos:

- (a) As cotas periódicas das persoas asociadas, así como as cotas extraordinarias, serán fixadas pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva.
- (b) Os ingresos que se poidan obter pola organización de actividades, prestación de servizos ou calquera outra actuación relacionada cos fins da Asociación, sempre que non teñan carácter lucrativo e se destinen integramente ao cumprimento dos seus fins.
- (c) As subvencións, doazóns, legados ou axudas que poidan conceder administracións públicas, entidades privadas ou particulares.
- (d) Calquera outro ingreso lícito que poida obter a Asociación de acordo coa normativa vixente.

Artigo 30: Contas anuais

- (a) Anualmente, ao peche do exercicio económico, a Xunta Directiva elaborará as contas anuais da Asociación, que reflectirán a imaxe fiel do seu patrimonio, da súa situación financeira e dos resultados do exercicio, así como unha memoria das actividades realizadas.
- (b) As contas anuais deberán ser sometidas á aprobación da Asemblea Xeral.
- (c) A documentación correspondente ás contas anuais estará a disposición das persoas asociadas cunha antelación mínima de quince (15) días naturais á súa aprobación, polos medios que determine a Xunta Directiva.

Artigo 31: Destino de ingresos a fins da asociación

A Asociación, como entidade sen ánimo de lucro, destinará a totalidade dos seus ingresos e posibles excedentes ao cumprimento dos seus fins sociais.

En ningún caso poderán repartirse beneficios entre as persoas asociadas nin entre outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.



CAPÍTULO V

DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 32: Regulamento de réxime interno

Por acordo da Asemblea Xeral poderá aprobarse un Regulamento de Réxime Interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, así como aspectos organizativos, disciplinarios e de funcionamento interno da Asociación.

O Regulamento de Réxime Interno non poderá, en ningún caso, contravir o disposto nos presentes Estatutos nin na normativa vixente.

CAPÍTULO VI

DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 33: Disolución

A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- (a) Por acordo adoptado pola Asemblea Xeral extraordinaria, mediante maioría absoluta dos votos validamente emitidos.
- (b) Polas causas que se determinen na normativa vixente.
- (c) Por resolución xudicial firme.
- (d) Polas demais causas previstas nos presentes Estatutos.

Artigo 34: Liquidación

- (1) Acordada a disolución da Asociación, abrírase o período de liquidación, durante o cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.
- (2) As persoas que formen parte da Xunta Directiva no momento da disolución asumirán a condición de persoas liquidadoras, salvo que a Asemblea Xeral designe expresamente outras distintas.
- (3) Corresponde ás persoas liquidadoras:
 - (a) Velar pola integridade do patrimonio da Asociación.
 - (b) Concluír as operacións pendentes e realizar aquelas que sexan necesarias para a liquidación.
 - (c) Cobrar os créditos da Asociación.
 - (d) Liquidar o patrimonio e pagar ás persoas acreedoras.
 - (e) Destinar o remanente resultante da liquidación a entidades sen ánimo de lucro que persigan fins análogos aos da Asociación, non podendo en ningún caso ser repartido entre as persoas asociadas.
 - (f) Solicitar a baixa da Asociación nos rexistros correspondentes.
- (4) Á solicitude de inscrición da disolución acompañarase a documentación que acredite o destino dado aos bens resultantes da liquidación.



DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos será de aplicación a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, así como a normativa autonómica e demais disposicións complementarias que resulten de aplicación.


DILIXENCIA FINAL

D. Antonio Domínguez González e D. Javier Figueiredo Comesaña, Presidente e Secretario respectivamente da Asociación Peña AR-VI de Árbitros de Fútbol de Vigo,

FAN CONSTAR:

Que os presentes Estatutos conteñen o texto íntegro da norma estatutaria da entidade, reflectindo fielmente e quedando redactados conforme ás modificacións integrais aprobadas pola Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2026 coas maiorías esixidas nos propios Estatutos e na normativa aplicable.

En Vigo, a 28 de maio de 2026



Asdo: _____

D. Antonio Domínguez González
(Presidente)

Asdo: _____

D. Javier Figueiredo Comesaña
(Secretario)

